



O Rego e a igrexa co Cruceiriño ó fondo.

LILIANA CARRO ESTÉVEZ

Vigo, 1978.

Estudante de 4º curso de Filoxía
Galega na Facultade de Humanidades da Universidade de Vigo.



L i n g ü í s t i c a

TOPONIMIA DE FILGUEIRA

*I^a parte
do A ó F*

Liliana Carro Estévez



INTRODUCCIÓN

SITUACIÓN

Situada no concello de Crecente (condado do Paradanta), en Pontevedra, é a parroquia máis afastada do municipio, uns quince quilómetros, e xa limítrofe con Ourense. Polo Norte limita con Ribadavia, polo Sur con Rebordechán (Crecente), polo Leste, xa cruzando o Miño, con Cortegada (Ourense), e polo Oeste coa Caniza.

DESCRIBIÓN

A pesar de ser terra de grandes alturas coma Chan de Moiras (799 m.), Alto da cruz (666 m.), Padrón

(665 m.), Picoña (640 m.) ou Martiñáns (618 m.), a aldea está no val formado por estas montañas co Miño cruzando entre elas.

Filgueira, duns 300 habitantes, divídese en tres grandes barrios: Guillade, o máis alto e de menos poboación; Cuarto do medio, que é o que forma propiamente o val e é a terra de maior cultivo; e Estación, pegada ó río e ás vías do tren, onde se condensa o maior número de poboación.

VALORES DE INTERESE

FLORA E VEXETACIÓN: Zona de abundante auga e humidade, debida principalmente ás néboas, que fai crece-las matogueiras con moita rapidez, entre as que destaca o fiúncho, o toxo, os codesos,... É tamén abundante en fentos de moita variedade, tal coma o seu nome latino indica (FILICARIA: lugar de fentos).



Vista parcial de Filgueira dende os Carballás.

O carballo e o castiñeiro están sendo substituídos pouco a pouco polo piñeiro e o eucalipto, pese á oposición popular que non quere un cambio na vexetación. Destacan tamén os prados e as terras de cultivo, viñas e hortas onde se enmarca a aldea.

FAUNA: Grande cantidade de réptiles entre os que destaca a lagarta galega, e moitas especies de aves coma corvos, paporrubios, perdices, pequenas aguias,... Hai tamén grande número de coellos, raposos, porcos bravos,...

HISTORIA E ARTE: O máis importante é a grande cantidade de hórreos, muíños, cruceiros, petos das ánimas, ... algúns deles moi antigos, que conforman a arquitectura popular. Pese a que a aldea teña coma patrón a San Pedro (o nome completo é San Pedro de Filgueira), teñen tamén devoción á Virxe do Rosario, na honra de quen se fan as festas, e a San Xosé, ó que está dedicada unha capela xunto ó río Paizás na que se fan importantes romarías.

Algunhas das numerosas fontes teñen, segundo din, poderes milagreiros ou curativos, e é bo beber delas en abundancia.

NOTA

A maioría dos topónimos aquí nomeados están vivos nas falas da xente do lugar, por ser zonas que aínda se cultivan ou están habitadas, pero outros só se conservan na memoria dos máis vellos e en antigos títulos de propiedade, normalmente por tratárense zonas que hoxe pasaron de ser hortas e veigas a ser monte de árbores, silvas e toxos non empregados para nada. Por iso distingo entre barrios, campos de cultivo, viñas, ... pois canto máis específico sexa menos empregado na fala é o topónimo, e nalgúns casos pasa a ser coñecido só pola familia propietaria da terra ou os veciños próximos a ela.

Nos nomes compostos por dous topónimos, se o segundo xa está explicado por separado só o nomeo, como é o caso de Chan do Rabancho, no que Rabancho aparece máis tarde por si só. No caso contrario explico aí a súa procedencia ou significado.

TOPONIMIA DE FILGUEIRA

FILICUS (fento)> FILICARIA> (lugar de fentos)>

Os Casás.



FILICAIRA (por metátese)>
FILIGAIRA (por sonoriza-
ción do -K- en -G-)> FIL-
GAIRA (por perda da vocal
pretónica)> **FILGUEIRA**

O monte de **Abelleira** ou
Abilleira vén da evolución
de APICULA > abella, que unido ó sufixo -eira danos
un lugar de abellas.

A raíz precelta BAR-B, que significaba, monte deu
lugar a bravo e de aí, en plural e en unión co artigo
a **Abraivos** que ademais de ser unha corte derruba-
da é unha terra de cultivo.

As terras de monte chamadas **Afiadoiras** provén do
latín FILU (fío) e do verbo afiar, que nos mostra o
pasado da aldea e do cultivo e tratado do liño.
Da acusativo AGRUM de ager agri (campo) con caí-
da do -m e abertura do u en o témo-lo topónimo
Agro, un barrio dos máis pequenos e afastados do
que é o centro da aldea.

Unha das poucas mostras árabes que quedou no léxi-
co galego e na toponimia provén da palabra AL-
DAY´A, que denominaba a un casarío e que hoxe

Fonte da Pousa.



deu **Aldea**, un barrio da Estación cada vez máis
poboado. Unido a baixo, do latín tardío BASSU dá o
lugar **Aldea de abaixo**, máis específico dentro do
anterior.

Do adxectivo ALTUM, que deriva en alto, máis do
substantivo CRUCEM, que deriva en cruz, temos un
dos montes non poboado de maior altura, **Alto da
cruz**, chamado coloquialmente **Cruceiriño**, ó que
se fan camiñadas de nenos e maiores para ve-la fer-
mosa paisaxe e respirar aire puro.

De Damascus, poboación italiana, saiu o froito
DAMASCENA PRUNA, que ó perder a última palabra
e o d- inicial deu a AMASCENA > AMAIXENA>AMAI-
XEA> > AMEIXEA > ameixa, e da árbore desta froita
o topónimo **Ameixeira**, un monte entre a parroquia
así chamada e Filgueira (proprietaria do terreo), que
foi hai pouco cultivado con eucaliptos que aínda
que dan moitos ingresos quitan a auga.

Hai unha veiga chamada **Anciviño** que provén da
suma de ACU (agulla) e FOLIA (folla), que deu en
latín vulgar *ACIFOLIU e hoxe acevro ou acivro e de
aí, cun -n- antietimolóxico, ancivo e Anciviño, segu-
ramente para designar un lugar con abundancia des-
ta árbore.

Dous topónimos proveñen do latín ANNICULU que
facía referencia a un ano. Por unha banda está o cam-
po coñecido coma **Anello do Arnesto**, e por outra,
en unión co castelanismo rosquilla que vén da base
prerromana ROSCA, o monte **Anello da Rosquilla**.

Da tamén base prerromana *ARA, que significaba



Casa deshabitada da Pousa.

val, deu lugar a *ARANICA e de aí **Aranxola**, -ola coma diminutivo, leira que queda por embaixo da estrada que vai do Souto ó Agro

O latín RIPa derivou en riba e de aí, coa sonorización do p a b a en unión cun a protético procedente do artigo e do sufixo colectivo -ada, en **Arribadas**, denominación dada a unhas viñas que hai no Souto.

A palabra celta ARXÓN, estaca, deu o verbo arxoar, e de aí o topónimo **Arxouba**, un monte en Guillade.

A **Bandeira**, un monte, provén do gótico BANWO > *BANDWARIA > *BANDARIA > *BANDAIRA, que designaba a un signo ou un estandarte.

A leira chamada **Bañño** vén do latín BALNEUM que deu BANEU e de aí baño. O latinismo permaneceu en palabras cultas coma balneario.

O verbo VERVAGERE significaba en latín arar nos primeiros meses do ano, e evolucionou a VERVACTU e de aí a técnica de cultivo do barbeito. Isto unido ó complemento preposicional da Freita, dá o topónimo **Barbeitas da Freita**, que designa a un monte no que posiblemente outrora se cultivaba segundo esta técnica.

Da base celta BERC-/BARG- para designar altura, obtémolo derivado barco e a veiga **Barca**, aínda que é máis probable que derive do latín BARCA, embarcación, pois esta veiga está na Estación e preto do río.

Do xermánico BARO, un home libre, témo-lo barrio **Os Baróns**, un pouco antes de chegar a San Xosé, onde hai varias casas habitadas.



Vista parcial do Quarto do Medio.

Ponte, San Xosé sobre o río Paizás.

Da mesma base celta deriva a palabra barxa para denominar a unha porción de terreo cuberta polo río nas súas cheas, e de aí o topónimo **Barxeles**, un monte, e **Barxelas**, veigas ó lado dese monte, que vén sendo case o mesmo da derivación BARK-ENA, preto da ribeira.

Unha posible base BAR-R deu o prerromano BARRO e de aí o topónimo **Barreiro** para designar o último barrio poboado da Estación, onde finalizan as casas.

A Cacharela ou **Cacharelas**, unha denominación de fogueira, provén do latín *QUASSARE, que significaba romper, escachar. Chámase así a unha pequena zona preto do Regueiriño na que hai un par de casas coas súas respectivas leiras.

De CAPPULARE pode vir a veiga **A Cachona**, na estación, probablemente por ser un alcume que se lle daba a unha antiga propietaria, aínda que puidera vir tamén do verbo coctione, que deu cachón, e tal vez un feminino en cachona. Puidera ser tamén o feminino cun sufixo despectivo de cachán, co significado de demo ou mullereiro.

A calzada, un barrio habitado, provén do verbo latino CALCEARE, pisar, que deu lugar á VIA CALCEATA para denominar un camiño empedrado, de aí calzata e sonorización en calzada. Aínda que hoxe non se conserven restos do que puido ser unha antiga calzada seguramente existiu e de aí vén o nome.

Do latín CAMPUS deu campo e de aí veñen os topónimos en diminutivo **Campiño**, un monte, en plural **Campos**, outro monte, e **Campo do cabalo**, (CABALLUS > cabalo) nome popular dado ós Reinaldos con sentido pexorativo.




Hai varios nomes que proveñen de CANCELLU-A, en latín tardío e hoxe pasou a cancela. En diminutivo está **Canceliña**, unha veiga da estación, **Cancela do arbusto**, unha veiga do Cuarto do Medio, e como montes hai **Cancela da Freita** e **Cancela da Pousa**.

Do latín CANNA que deu cana en galego e caña en castelán, derivou o topónimo **Cañoto**, que igual que a Cañiza é un nome posiblemente castelanizado. É un barrio do Cuarto do Medio que aínda que en tempos estivo bastante habitado hoxe son só un par de persoas as que residen aquí.

A Capela de San Xosé provén de CAPELLA, SANCTU e un nome propio, e coñécese así a un espacio que hai ó lado do río Paizás cunha capela dedicada a este santo. A capela foi reconstruída hai uns sete ou oito anos, pois estaba en moi mal estado. Alí tódolos anos se celebra unha importante romaría o día 1 de maio, na que veciños e amigos xuntámonos a comer, bailar, participar en diversos xogos para grandes e pequenos e pasalo ben.

Do base preindoeuropea *KAR- , rocha, deu no mesmo preindoeuropeo CAR-B para designar unha planta de terreo frágil e dura, que derivou ó que hoxe



A capela de San Xosé.

coñecemos como carballo. De aí vén o topónimo **Carballás**, un barrio habitado do Cuarto do Medio dunhas seis casas e moitas hortas e veigas de cultivo. Hai tamén unha fábrica de queixos, unha das poucas industrias que aínda quedan en Filgueira. De aí tamén os montes **Carballiños secos** e **Carballo**, nos que abunda esta árbore.

Do verbo latino CARPERE, arrincar, desgarrar, témo-lo derivado CARPIR e de aí o monte **Carpida**.

O carrus galo-romance deu lugar a (VIA) CARRARIA que por asimilación deu **Carreira**, un barrio, e que unido ás mulas dá o monte **Carreira das mulas**, polo que atravesa un camiño que seguramente en tempos era de paso deste animal.

De CASA, chouza en latín vulgar, deriva o topónimo os **Casás**, nome dado a un barrio do Cuarto do Medio con varias casas aínda que con poucas terras. De aí vén CASALIS ou CASARIS, un casarío, que deu **Casares**, outra zona.

Os montes **Cavada**, **Cavadiña** e **Cavadas** proveñen do verbo CAVARE, que significaba cavar, probablemente porque en tempos foron terras de cultivo importantes.

CAELU derivou, coa caída do -l- intervocálico, en o **Ceo**, un barrio dun par de casas e amplas terras.

Cernadas, un monte, provén do latín vulgar *CINERARE derivado de CINE-RATA, co significado de queimar, que a súa vez está formado do latín CINERE, cinza.

Do verbo SERARE, pechar, temos varios topónimos. Por un lado os montes **Cerradas** e **Cerradiña**, e un en Cañoto chamado **Cerrado de Cañoto**, e por outra banda, temos o monte **Cerrada de Marimenta**. Este último nome procede posiblemente dunha base prerromana *MAND-/*MANT-/*MANN- co significado de virago, que en vasco deu Mari para denominar á divindade das

covas, ou de MONUMENTA, que pode dar moimenta.

Doutra base prerromana, *CON-/*CUN- co significado de rocha, colina, que derivou en coio, temos o topónimo o **Coñedo** ou os **Coñedos**, con palatalización da nasal, un barrio e un monte cheo de pedras no que non hai outra vexetación que os toxos, silvas e carqueixas que saen entre elas.

O monte chamado **Colmeas** deriva do céltico KOL-MENA, con caída do -n- intervocálico. Posiblemente nel había quen se dedicara ó cultivo da mel, e aínda que non alí propiamente hoxe si queda xente que segue tendo e coidando colmeas.

Da galicismo CONTRÔLE temos o **Control**, nome dado ó cruce de estradas que separa ó Cuarto do Medio da Estación e que une a aldea con Cortega-

da. En tempos a xente recorda que alí houbo un posto da garda civil que controlaba os coches que ían cara a Cortegada ou Frieira e de aí a Portugal para pasar contrabando, e por iso comezaron a chamarlle así ó cruce, hoxe coñecido por todos con ese nome.

Do verbo CONCURVARE, que significaba encorvar, deriva o adxectivo CURCUVUS, encorvado, e de aí a veiga coñecida coma **Córcova**, quizais por estar situada en costa.

Dunha base preindoeuropea *COR-R/*CAR-R, que significaba rocha ou monte, derivou o nome coruxo, e de aí, en aumentativo, o monte **Coruxón**.

Caso parecido é o do barrio a **Costa**, que en latín a mesma forma COSTA significaba espalda e de aí lado e ladeira. Outros derivados son **Costarelas**, **Costa de Guillín** e **Costiña do Rabancho**.

De *COTT-, base prerromana que designaba unha prominencia ou altura rochosa, temos coto, en topónimos como os montes **Cotos apretados** (PECTORE, peito, > *APPECTORARE > apertar > apretados), **Coto da Longra** e **Cotos negros** (NIGRU > negro).


Do latín arcaico CO(U)US deu CAVUS-A-UM para designar baleiro, que a súa vez deu cova, COVU en latín dialectal e *COVA en latín vulgar. De aí proceden os nomes da veiga do Souto **Covatiño** e da veiga da Estación **Covato**.

De CRUX-CRUCEM máis Barxeles témo-lo monte **Cruz de Barxeles**, próximo ó lugar chamado como Barxeles.

De QUARTU, en cuarto lugar, e MEDIUM, témo-la zona coñecida coma **Cuarto do Medio**, que comprende a maior extensión de terreo e a terra de maior cultivo, que engloba a numerosos barrios e é considerada o centro da aldea por estar entre Guillade e a Estación.

Da base preindoeuropea xa vista *CON-/*CAN- deriva CONIARIA e de aí témo-lo monte **As Cuñeiras**, un pouco antes de chegar ás primeiras casas da Estación.

Da palabra céltica COR(-R) para chamar a unha construción circular ou algo redondo e curvo, deu **Curral** e en plural, en forma dialectal, **currás**, e de aí



Cruceiro no camiño cara a San Xosé.

o monte coñecido coma **Currás en Barxeles**, preto do Souto.

Dun latín COHORTE que derivou en corte no latín tardío para designar a un recinto ou sitio cercado, temos cortiñal, que por harmonización vocálica por efecto do i da sílaba seguinte o o pecha a u e hoxe coñécese coma **Curtiñal**.

O adxectivo latino planu deu a palabra patrimonial chan, e de aí hai diversos topónimos, todos eles montes, coma son: **Chan dos Coiñedos**, **Chan da Freita**, **Chan dos Leirós**, **Chan de Moiras** (moura > moira), **Chan do Pisco** (o alcume dun home da Estación), **Chan da Porteira** (PORTA > PORTARIU > porteira), **Chan do Ravancho** e **Chans**.

Do céltico onomatopeico ou imitativo CLOCC témo-lo adxectivo clocca, que significa sen oco, e co paso de KL a ch derivou na **Choca**, un barrio en tempos moi habitado do Cuarto do Medio con abundantes leiras de cultivo.

A **Devesa**, procede do verbo DEFENDERE que dá o



A Estación.

adxectivo DEFENSUS-A-UM, de aí defensa para chamar a unha terra cercada e co paso do f a v, Devesa. Actualmente só queda unha casa habitada, pero en tempos seica foi un barrio moi importante no que incluso había unha escola.

Por abreviación de domina, muller, dicimos dona, que xunto co gótico KASTS que deu castar, dáno-la veiga situada na Ermida **Dona Casta**, probablemente polo alcume dado a unha antiga propietaria.

Do latín ADITU, entrada, danos eido, que unido ó grego KONKHE, cuncha de molusco, que deu CONCHULA que deriva en cunca e cunco, témo-lo topónimo coñecido coma **Eido do Cunco**.

De AREA, co significado de espacio libre, temos ARIA e logo AIRA e eira. De aí unha terra chamada **Eira do Souto**, no Souto, coma di o nome, no que se celebra o Entroido. Unha das tradicións consistía en que os cabaleiros chegaban en cabalos para conquistar ás mozas, e outra, a da noite anterior á celebración do Entroido pór un boneco nun pao moi alto que os veciños da Estación viñan roubar. De conseguilo, á mañá seguinte aparecía pinchado na Estación, e pola tarde había que ir buscalo acompa-

ñados de gaitas, tamborís e pandeiretas montando festa ata o Souto, onde se volvía depositar para queimar. Se acaso non conseguían rouballo quedaban en ridículo e de pouco valentes. Aínda que estas tradicións se perderan, recuperáronse hai un par de anos gracias ós veciños do Souto, pese a que xa non aparecen os cabaleiros a cabalo, reunímonos todos para celebrar un Entroido moi popular. Iso si, o boneco aínda non o conseguiron roubar a pesar de que varios mozos da Estación estiveron ata a madrugada intentándoo, pois un veciño moi teimoso do Souto estivo toda a noite ó seu pé e daba alarma en canto os vía chegar.

Hai un par de veigas coñecidas coma **Encima da levada**, de en e KYMA, en grego, que deu en latín CYMA e logo cima. Están situadas por riba de regos da auga.

ÉREMUS, do grego latinizado que significaba deserto, deriva en EREMITA, de aí ermita e con sonorización do t en d **Ermida**, un barrio próximo a Guilla-de no que aínda hai varias casas habitadas.

De SCALARIA temos escaleira e de aí na súa forma diminutiva **Escaleiriña**, na Estación, e **Escaleiri-**

Afichueiro no río Paizás.

ñas, preto da Granxa, terreo coñecido así porque unhas escaleiras crúzanse pola metade.

Escuro, unha veiga da Estación, provén de OBSCURU, e pode ser chamada así por no ser unha zona moi asollada.

Do verbo latino STARE, estar, témo-lo substantivo STATIONE para designar permanencia ou lugar de estancia. De aí deriva a **Estación**, un dos barrios máis importantes. Está situado xusto á beira do Miño, e aínda que en tempos seica había praias fluviaís ó construí-lo embalse de Frieira o río subiu e desapareceron praias, campos de cultivo, viñas... Chámase así porque é onde está a estación de tren, e aínda que hoxe non paran moitos trens é o medio de transporte que máis se emprega para desprazarse a Vigo ou Ourense, tanto de xente de Filgueira coma das aldeas próximas. É o barrio onde se concentra maior número de poboación, mais non hai moitas leiras. En tempos había unha escola e é onde está o único bar que queda na aldea onde se reúnen os homes para bota-la partida.



De FUNDARE, extender, témo-lo adxectivo FUNDUS-A-UM, e de aí Fondo. Unido a este témo-la terra e viña **Fondo da escadiña** (ESCALATA > escada) e o monte **Fondo da Troganceira**.

Hai moitas fontes (do latín FONTE) en Filgueira, coma **Fonte da aldea**, na estación, **Fonte da Devesa**, **Fonte de Guillade**, **Fonte Pereira**, **Fonte da Pousa**, **Fonte do Rego**, **Fonte da Salgueira**, **Fonte do Souto**, **Fonte de Xan Cuñado** (COGNATUM, parente natural > cuñado, ou san de SANCTU) e **Fontiña**.

De FORNUS e TEGULA temos **Forno**, unha terra de cultivo, e **Forno da Tella**, un monte no que quizais se cocían as tellas hai moito tempo.

O monte **A Fraguíña** povén do verbo latino FRAGUERE, romper, que deu *FRAGOSUM, crebar vales, de aí FRAGA en latín tardío e hoxe fraga coma monte de moitas árbores.

Aínda que frate, irmán, deu en provenzal fraire para chamar ó irmán monxe e logo feita para a monxa, o máis probable é que o nome do monte coñecido coma **Freita** proveña do latín FRACTA, xa que feita pode significar unha valgada ou un corremento de terras producidas pola chuvia.



Vista de Filgueira dende Guillade.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ESTRAVÍS, Isaac (1995), *Diccionario Sotelo Blanco da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago.
- CABEZA QUILES, Fernando (1992); *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e significado*, Xerais, Vigo.
- COROMINAS, J. (1967), *Diccionario crítico etimológico*, Gredos, Madrid.
- FRANCO GRANDE, X.L. (1984), *Vocabulario galego-castelán*, Galaxia, Vigo.
- MACHADO, José Pedro (1967), *Diccionario etimológico da lingua portuguesa*, Confluência, Lisboa.
- MORALEJO LASSO, A. (1977) *Toponimia gallega y leonesa*, El Pico Sacro, Santiago.
- 1998, *Nomenclátor da provincia de Pontevedra*, Xunta de Galicia.
- RIVAS QUINTAS, Eligio (1982) *Toponimia de Marín*, Verba, anexo 18, Universidade de Santiago de Compostela.
- V.V.A.A. *Diccionario da lingua galega*, Ir Indo, Vigo.
- V.V.A.A. *Diccionario da lingua portuguesa*, Porto Editora, Porto.
- V.V.A.A. (1993) *Diccionario latino-español, español-latino*, Vox, Barcelona.
- V.V.A.A. (1994), *Diccionario Xerais da lingua*, Xerais, Vigo.

ÍNDICE DE TOPÓNIMOS

Abelleira	Control	Gandarela	Queimadiña Quintas
Abilleira	Córcoba	Gorguillón	Quintiña
Abravos	Corga	Granxa	Quiringosto
Afiadoiras	Coruxón	Guillade	Rabancho
Agro	Costa	Guillín	Rachela
Aldea	Costa de Guillín	Horta do Vello	Raios
Aldea de abaixo	Costarelas	Hortiñas	Raxeira
Alto da cruz	Costiña do Rabancho	Igrexario	Redonda
Ameixeira	Coto da Longra	Lama	Redondos
Anciviño	Cotos apretados	Lameiro	Rego
Anello do Arnesto	Cotos negros	Lameiro de tres boas	Regueiriño
Anello da rosquilla	Covatiño	Laranxos	Regueiro
Aranxola	Covato	Leirós	Regueiro dos Casás
Arribadas	Cruceiriño	Leirós de abaixo	Reguengo
Arxouba	Cruz de Barxeles	Levada	Reinaldos
Bandeira	Cuarto do Medio	Longariñas	Reza
Bañiño	Cuñeiras	Longra	Rial
Barbeitas da freita	Currás en Barxeles	Lugar de Carballás	Riba
Barca	Curtiñal	Maceiras	Ribas
Baróns	Chan dos Coiñedos	Martingos	Rochela
Barxelas	Chan da Freita	Martiñáns	Rodo
Barxeles	Chan dos Leirós	Meces	Romano
Barreiro	Chan de Moiras	Minada	Sabeleiras
Cacharela	Chan do Pisco	Miño	Salgueira
Cacharelas	Chan da Porteira	Miranzo	Salgueiriños
Cachona	Chan do Rabancho	Monte dos Barreiros	Santo de Morán
Calzada Cameixa	Chans	Moxaque	Seco
Camexa	Choca	Nova Cerrada	Sifón
Campiños	Da Arxouba	Outeiro	Sobreiro
Campo do cabalo	Da Cancela	Padrón	Sobreiro de don Casiano
Campos	Da Capela	Paizás	Socalco do Regueiro
Cancela da freita	Debaixo das ventás	Pallón	Soutiño
Cancela da Pousa	Devesa	Para do Vao	Souto
Cancela do arbusto	Dona Casta	Parafita	Souto de Marán
Canceliña	Eido do Cunco	Paraño Pazo	Souto grande
Cañoto	Eira do Souto	Pazo de arriba	Surreiro
Capela	Encima da Levada	Pedra asentada	Tabernas
Capela de San Xosé	Ermida	Pena	Tacos
Carballás	Escaleiriña	Picoña	Taxés
Carballiños secos	Escaleiriñas	Picoutos	Terra do Sino
Carballo	Escuro	Piñeira	Tilleira
Carpida	Estación	Pío	Tras do Ceo
Carreira	Fondo da Escadiña	Pociña	Tras do Muíño
Carreira das mulas	Fondo da Troganxeira	Pociño	Traveso
Casares	Fonte da Aldea	Pombar	Troganxeira
Casás	Fonte da Devesa	Ponte do Agro	Troganle
Cavada	Fonte de Guillade	Ponte das Cabras	Ucha
Cavadas	Fonte Pereira	Ponte da Estación	Ulleiro longo
Cavadiña	Fonte da Pousa	Pontellón	Uzal
Ceo	Fonte do Rego	Ponte de San Xosé	Val dos Carballos
Cernadas	Fonte do Souto	Por arriba do Pontillón	Valiño
Cerrada de Marimenta	Fonte da Salgueira	de Barxeles	Veiga do padriño
Cerradas	Fonte de Xan Cuñado	Portal da Oliveira	Veiga da Viña
Cerradiña	Fontiña	Portal do Souto	Viña
Cerrado do Cañoto	Forno	Portelas	Viñáns
Cidade	Forno da tella	Porto Pousadas	Viso
Coiñado	Foxo	Pousa	
Coiñedos	Fraguiña	Pozas Pozo	
Colmeas	Freita	Prado	